



M^a Teresa García Guillán, concelleira do Grupo Municipal Socialista do Concello da Pobra do Caramiñal, o abeiro do disposto no art. 97/3 do R.O.F., para o seu debate na vindeira sesión plenaria, presenta ó Pleno unha moción para crear zonas libres sen fume nalgunha praia do noso concello.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A primeira comunidade autónoma en plantar cara o tabaco e levar a cabo unha campaña para prohibilo foi Galicia. No ano 2012, o Concello de Baiona copiou a iniciativa do Estado de Nova York de prohibir fumar nos areas, converténdose xunto con Niza na primeira praia libre de fumes en Europa. Hai poucos días Rianxo transformouse no terceiro municipio galego en recibir o galardón Praias sen Fume, que concede a Consellería de Sanidade. Desta maneira, Rianxo xunto con Baiona e Corcubión son os únicos posuidores de dita acreditación.

Esta iniciativa ten como finalidade a sustentabilidade, coidado do medio e mellora ambiental e promocionar a saúde e prevención de enfermidades, é dicir, motivos tamén de saúde pública. Así mesmo, deberíamos ter en conta vantaxes como o aforro económico e a mellora na eficiencia da xestión da limpeza da praia, e incluso a mellora do clima de convivencia na mesma.

Contamos ca experiencia da prohibición de fumar en espazos públicos cerrados, e sabemos que os fumadores adaptáronse perfectamente e con exemplaridade. Posiblemente esta iniciativa pode provocar rexeitamento nun primeiro momento pero prohibir o tabaco nas praias será un paso cara adiante como o foi a lei antitabaco.


As nosas praias forman parte da nosa identidade, son espazos naturais cheos de vida, ben valorados e dinamizadores.

E por elo, que solicitamos que o Pleno adopte o seguinte

ACORDO:

Creación de zonas “libres de fume” nalgunha praia e areal co obxectivo de mellorar a calidade de vida das persoas e conservar os espazos naturais e de ocio.

A Pobra do Caramiñal, a 09 de xullo de 2018

A handwritten signature in blue ink, consisting of a vertical line that curves to the left at the bottom, crossing a horizontal line, and then looping back to the right.

M^a Teresa García Guillán

ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DA POBRA DO CARAMIÑAL